



COLEXIO SMO

PLAN DE CONVIVENCIA

Curso 2024-2025

Preámbulo.

O colexio Seminario Menor A Inmaculada de Ourense é un centro privado de ensino mixto pertencente á Diocese de Ourense no que se imparten os niveis de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato nas súas distintas modalidades. O Colexio intégrase no Seminario Menor, entendido como unha comunidade educativa diocesana erixida polo Bispo segundo as normas da Santa Sé para cultivar a vocación sacerdotal daqueles que, en idade temperá, presentan indicios desta inclinación polo sacerdocio diocesano secular.

A entidade ten como obxectivo primordial ofrecer e asegurar aos seus alumnos e alumnas unha formación académica de alta calidade na que a educación, entendida no seu sentido literal, conxugue a “instrución” e a “civildade”. Por iso o seu proxecto educativo está centrado no desenvolvemento das aptitudes intelectuais, físicas e morais da persoa, ao mesmo tempo que se coñecen os costumes da sociedade na que se vive e se practican as boas maneiras de comportarse, nun contexto de valores que permita descubrir o cristianismo como unha forma de vida profunda e enriquecedora, que prepare as persoas cara a unha vida social, profesional e familiar íntegra, e na que a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza sexan os piares fundamentais.

Consideradas as premisas anteriores no contexto xeral da sociedade actual e no ámbito particular do sistema educativo, resulta necesario elaborar un **plan de convivencia** co obxecto de permitir o funcionamento harmonioso da institución e regular as relacións entre os membros que compoñen a comunidade educativa (profesorado, alumnado, persoal non docente, pais e nais,...), ao mesmo tempo que se garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.

O plan de convivencia nace como un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente. O Plan de convivencia debe recoller e desenvolver os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei

4/2011, e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia e debe adaptarse plenamente ao establecido no Decreto 8/2015.

Este documento integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Para a súa elaboración, e dentro da autonomía que a Lei orgánica 8/1985, reguladora do dereito á educación, e a Lei orgánica 2/2006 conceden aos centros de ensino privado non concertados, tívose en conta a normativa que se detalla a continuación:

- Lei 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
- Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Lei 27/2005, de 30 do novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación coas modificacións introducidas pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade (3 de maio de 2008).
- Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

- Orde do 16 de abril de 2015 pola que se nomean os membros do Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN E DIAGNÓSTICO PREVIO.

1.1. Característica do centro e a súa contorna.

O Colexio Seminario Menor A Inmaculada de Ourense é un dos centros educativos máis antigos da cidade, con máis de oitenta anos de servizo adicados á educación. Está situado na estrada do Seminario nº 18. do barrio de Vistahermosa, nunha contorna privilexiada rodeado de natureza e a só 20 minutos andando do casco vello da cidade.

Este centro escolar privado, de ensino mixto nos niveis de secundaria obrigatoria e bacharelato dende o curso 2024-25, non ten asignada unha zona de influencia recoñecida pola Delegación Provincial da Consellería de Educación para a recepción de alumnado. O centro conta con residencia para os alumnos seminaristas.

O Seminario ofrece unha educación cristiá, coa que pretende preparar os futuros cidadáns para un papel activo nunha sociedade cambiante, nun contexto de máxima esixencia académica. O centro conta con recursos variados: aulas polivalentes, biblioteca, aula de música, laboratorio de ciencias e obradoiro de tecnoloxía, con material necesario para realizar traballos prácticos e proxectos tecnolóxicos, aula de debuxo, salas de xogos e ocio e unha sala deportiva para as clases de educación física. Todas as aulas dispoñen de rede wifi e conexión 4G a internet. No centro hai 3 capelas para celebracións litúrxicas e momentos de oración. O centro tamén dispón de dous museos, un de ciencias e outro de física.

Cómpre sinalar tamén o importante papel que desempeña todos os anos a “Escola de familias”, na que se dialoga con expertos e profesionais sobre temas educativos de interese e que está aberta a todas as familias da cidade.

O colexio Seminario Menor forma parte da Rede Ebi, unha rede crecente de centros formativos que apoian os seus procesos de mellora nun modelo de xestión do cambio e innovación educativa constante. Cabe destacar que o centro pertence á rede de Escolas Católicas de Galicia, agrupación de colexios relixiosos.

O centro ten convenios firmados con institucións educativas de renome como a UNIR, a VIU ou a fundación BERTELSMAN.

1.2. Análise do contexto sociocultural das familias e características do alumnado.

A maioría das familias pertencen a un nivel económico medio formado por asalariados, autónomos e unha minoría de funcionarios. Aínda que existen familias disfuncionais ou desestructuradas a maioría dos núcleos familiares están formados por parellas estables cunha media de dous fillos por familia. Son, en xeral, familias colaboradoras e implicadas na educación dos seus fillos e que confían plenamente no centro.

O 60% do alumnado pertence ao concello de Ourense e arredores e o 40 % restante pertence a municipios limitrofes que fai que as familias se decidan maioritariamente polo uso da residencia no noso centro.

O medio de transporte utilizado polo alumnado para achegarse ao centro é o vehículo particular, aínda que tamén hai outro grupo que se despraza en autobús interurbano, e unha minoría faino a pé.

Os grupos de alumnos son, en xeral, moi heteroxéneos e con diferentes capacidades académicas, con valores que se sitúan dentro da media (Batería BADyG). Algúns dos alumnos presentan dificultades académicas relacionadas coa falta de comprensión lectora, expresión escrita e razoamento lóxico, e carencias na rutina de estudo e planificación diaria das tarefas polo que fai que a intervención nas aulas do noso centro sexa o máis personalizada posible.

Todos os alumnos asisten a actividades extraescolares chamadas academias, que fai que completen a formación integral que reciben dende o noso centro. A inmensa maioría dispón de ordenador, tablet con conexión wifi e teléfono móbil nas súas casas.

1.3. Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.

As clases dos distintos cursos están formadas por grupos reducidos, o que facilita a personalización e a titorización do ensino por parte de todo o claustro de profesores.

O titor de cada curso en colaboración do correspondente formador de etapa acompaña ao alumnado durante todo o curso académico velando polo seu rendemento académico e a súa situación emocional e motivacional.

O departamento de orientación fai un seguimento periódico de cada alumno. Os titores, formadores e o director espiritual do centro acompañan os alumnos no seu crecemento e afondamento da súa vida de fe.

Os seminaristas, como así queda reflexado no seu proxecto educativo e para favorecer relacións duradeiras e de afecto entre todos os membros da comunidade educativa, teñen un encontro de convivencia por trimestre ao longo do curso escolar así como un campamento de verán xusto ao remate das clases de xuño. Todos estes encontros no Seminario Menor son de carácter obrigatorio.

1.4. Estado das relacións e da participación da vida no centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal da administración e servizos e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades do contorno.

1.4.1. Profesorado:

Ao longo do curso académico, os/as profesores/as reúnense diariamente para tratar temas formativos. Os titores reúnense antes de cada informe e avaliación académica, e sempre que sexa necesario.

Hai varios momentos de encontro anuais nun ambiente informal e familiar como son as Eucaristías e as celebracións comunitarias, a comida de Nadal, a despedida da promoción dos alumnos de 2º de Bacharelato e 4º da ESO, a Festa da Inmaculada e a comida de fin de curso. Son momentos de encontro que favorecen as relacións de amizade e compañeirismo e potencian o querer “ser familia” como valor principal da comunidade educativa do Seminario Menor.

1.4.2. Familias:

O Centro ten como valor principal atender e coidar as familias do alumnado para poder facer equipo conxunto na tarefa educativa.

Ao inicio de curso hai unha reunión por titorías na que se presenta ao equipo de profesores e profesoras, o carisma do centro e acóllense as novas familias.

As familias poden entrevistarse cos titores, e profesores ao longo do curso académico sempre que o necesiten. As familias dispoñen todas dun correo corporativo para a comunicación interna na que poden, sempre que o desexen, comunicarse con profesores/as ou titores/as.

A información das actividades que se realizan cólgase na web do colexio, nas redes sociais, ao tempo que se envían circulares a través do correo corporativo.

En cada avaliación, as familias poden entrevistarse cos profesores das distintas materias na entrega de notas.

1.4.3. Escola de familias:

No ano 2020 púxose en marcha unha Escola de familias para favorecer un lugar de diálogo e formación para toda a comunidade educativa. Son seis encontros ao ano nos que colaboran distintos profesionais para afondar en temas educativos que se consideran importantes.

<https://drive.google.com/drive/u/0/folders/1rhTe5fSzQXOa0wkeetXOMHscjHYnBPzm>

1.4.4. Reunións có persoal docente:

O departamento de orientación reúnese periódicamente có persoal docente de forma unipersoal para valorar e atender as demandas do alumnado e favorecer unha convivencia positiva, intentando anticiparse a posibles situacións de necesidade educativa ou de conflito.

1.5. Conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes.

En xeral, o clima de convivencia no Centro é bo, así como as relacións entre profesorado, alumnado, familias e persoal non docente. Entre o profesorado hai boa relación e disposición para traballar de forma colaborativa.

O tipo de conduta problemática máis frecuente é a que ten que ver co incumprimento das normas do centro por parte dos alumnos que se constata principalmente nos seguintes puntos:

- A disrupción na aula. Indisciplina.
- Faltas de respecto aos profesores e profesoras.
- Falar sen pedir quenda, nin respectar ao que está a falar.
- Esporadicamente insultos e agresións leves entre compañeiros e compañeiras. Intimidación.
- Chegar tarde a clase. Falta de puntualidade.
- Non traer material escolar.
- Non traer indumentaria adecuada. (Uniforme escolar).
- Pequenos furtos a compañeiros ou compañeiras (sacos, material escolar...).
- Falta de atención en clase e baixo rendemento académico.
- Fumar a agachadas no recinto escolar.
- Problemas de atención e aprendizaxe que derivan en problemas de conduta.
- Uso do móbil ou ordenador de xeito inadecuado.

1.6. Actuación desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.

O centro responde nun primeiro momento, dialogando co alumno ou alumna implicado e comunicando a falta ás familias, a través da plataforma tokapp ou a través dunha chamada telefónica e deixando por escrito constancia da falta. Ponse en coñecemento do titor de etapa e da xefatura de estudos. Se a falta é grave ou moi grave, convócase a familia a unha reunión e aplícanse medidas de reparación educativas. O titor/a, xunto a todos os profesores e profesoras do equipo educativo, realiza un seguimento daqueles alumnos e alumnas cunha problemática determinada.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

Feita a análise da situación e o diagnóstico da convivencia no centro, establécense os seguintes obxectivos específicos para o presente plan de convivencia:

- Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- Fomentar no centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas ao avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución de conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica de conflitos.
- Contribuir des de o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades individuais.

3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA.

Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o departamento de orientación elaborará e desenvolverá un **programa de habilidades sociais** dirixido ao alumno que repita condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Este programa adaptárase ás necesidades de cada alumno e terá un seguimento periódico por parte do departamento de orientación.

3.1. Programa de habilidades sociais: Está deseñado para aqueles alumnos ou alumnas, que como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección se vexa temporalmente privado da súa asistencia a clase. O obxectivo é favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favoreza pola súa parte unha actitude responsable e unha conduta positiva para a convivencia.

3.2. A aula de convivencia inclusiva estará atendida polo profesor de garda e, no seu defecto polo departamento de orientación situada na biblioteca do centro..

O alumno ou alumna ao que se prive da súa asistencia á clase terá que facer unha análise por escrito da falta cometida e traballar aquela habilidade social que tería que ter usado, así como a estratexia de autocontrol, necesaria ante a situación que motivou a súa expulsión.

O alumno ou alumna recibirá unha sesión no departamento de orientación sobre habilidades sociais e de estratexias de autocontrol que se necesitan para evitar conflitos violentos. Ensaíaranse as estratexias adecuadas. O orientador do centro fará un seguimento da evolución do alumno.

3.3. Supervisión por parte do coordinador de benestar do centro. A figura do coordinador de benestar adquire especial relevancia neste aspecto provocando encontros individuais con aqueles alumnos e alumnas máis vulnerables e con aqueles máis conflictivos para afondar na realidade do seu comportamento. Este coordinador estará en contacto estreito co departamento de orientación.

A constitución desta figura e as súas funcións están recollidas na *orde do 23 de agosto do 2023* entre as que debemos destacar:

- Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado.

- Velará pola incorporación no PAT (plan de acción tutorial) de contidos relacionados coas habilidades sociais, intelixencia emocional, autoestima, mediación e dinámicas de grupo.
- Ser o principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- Informar ao persoal do centro dos distintos protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia.
- Promover a comunicación de forma inmediata, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.

3.4 Escolas de pais. Potenciarase o traballo e a reflexión na escola de pais por ser o principal referente na educación dos alumnos, así con temas educativos que sirvan para previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo. Contaremos con distintas achegas de profesionais do mundo educativo. Realizaranse varios encontros durante o curso académico.

3.5. Compromiso das familias sobre o noso plan de convivencia. As nais e pais ou titoras e titores legais asumirán, entre outros, os seguintes compromisos referidos á convivencia nos centros educativos:

- a) Contribuír ó crecemento persoal dos seus fillos ou das súas fillas a través do diálogo e da educación en valores, e desenvolver unhas adecuadas normas de convivencia no contorno familiar.
- b) Desenvolver a súa potencialidade como educadores e educadoras dos seus fillos ou das súas fillas.
- c) Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores e portadoras de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
- d) Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que faciliten a aprendizaxe ós seus fillos ou ás súas fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.

3.6. Comisión de convivencia. A comisión de convivencia ten por obxectivo detectar posibles fendas no plan e detectar posibles actuacións contrarias as normas de convivencia que

os profesionais da docencia non ven a simple vista. Esta comisión de convivencia estará formada por algún familiar, o departamento de orientación e os delegados de cada clase e terán encontros periódicos programados para falar sobre a convivencia no centro e melloralas.

3.7. A función do titor/formador. O titor acompañado polo formador de etapa correspondente velarán pola seguridade, integridade e a convivencia positiva do seu grupo, para elo, poderán facer ou propor cantas actuacións organizativas e curriculares desexen dentro do grupo sempre e cando favorezcan a convivencia na aula.

3.8. Constitución dun punto laranxa que sirva de referencia para formalizar de xeito anónimo situacións de posible acoso escolar ou calquer tipo de agresións. Este punto debe estar visible para todas as familias e alumnos. **En trámite.**



4. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 30.2 DA LEI 4/2011, DO 30 DE XUÑO.

Neste punto seguirase o establecido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria segundo o establecido no marco da Estratexia galega de convivencia escolar 2015- 2020.

Os detalles e o anexo correspondente poden consultarse no enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

5. NORMAS XERAIS DE CONVIVENCIA NO CENTRO E PROTOCOLO PARA A DETECCIÓN DO INCUMPRIMENTO DESTAS.

A elaboración dunhas normas de convivencia debe abarcar dous elementos complementarios: dunha parte, aqueles aspectos que afectan e regulen as relacións entre os membros da comunidade educativa e, doutra, aqueles que atanguen a organización material das distintas dependencias e espazos do centro. Todos os membros da comunidade educativa teñen a

obriga de coñecer estas normas, pola difusión e publicidade das cales o centro velará en todo momento, e en ningún caso o seu descoñecemento eximirá do seu cumprimento.

Estas normas, así como as medidas pensadas para velar polo seu seguimento e corrixir o seu incumprimento, están encamiñadas á consecución dos seguintes fins:

- Garantir o respecto mutuo necesario para facer efectivo o dereito á educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- Definir os dereitos e deberes dos distintos membros da comunidade educativa.
- Prever e adoptar as medidas necesarias para evitar e tratar as posibles situacións de acoso escolar.
- Recoñecer ao profesorado as facultades precisas para corrixir as condutas contrarias á convivencia e ofrecerlle a protección xurídica necesaria para o cumprimento deste fin.
- Facilitar e fomentar a resolución pacífica e dialogada dos conflitos, fomentando os valores e as actitudes necesarias para entender a necesidade de cumprir as normas e respectar a tódolos membros da comunidade educativa.
- Promover a importancia da convivencia pacífica e harmoniosa no ámbito da comunidade escolar e do seu fiel reflexo na sociedade en xeral.

*Cando o **alumnado incumpra unha norma de convivencia** e non existan circunstancias que nos fagan supoñer que estamos ante unha conduta gravemente prexudicial será o profesorado que está co alumnado quen estableza as medidas correctoras recollidas neste plan de convivencia. A aplicación de medidas correctivas para favorecer a convivencia implica que posteriormente se informará ó titor e á familia se a gravidade fose significativa ou ante a reincidencia por parte do alumno.*

Cando se trate condutas gravemente prexudiciais o profesorado poñerá en coñecemento do titor os feitos. En función da gradación dos feitos, porase en coñecemento da Xefatura de Estudos e/ou Dirección. - Será a Xefatura a que coordine este tipo de medidas e estableza as condicións que permitan que as medidas correctoras se leven a cabo.

6. DEREITOS E DEBERES.

Segundo o establecido pola lexislación básica de educación, os membros da comunidade educativa son titulares dos dereitos e deberes que se detallan de seguido:

6.1. Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores.

6.1.1. As nais e pais ou as titoras ou titores legais, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a administración educativa.

6.1.2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

6.2. Dereitos e deberes do alumnado.

6.2.1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

6.2.2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

6.3. Dereitos e deberes do profesorado.

6.3.1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

6.3.2. Son deberes do profesorado:

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixiendo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.

e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

6.4. Dereitos e deberes do PAS (Persoal de administración e servizos).

6.4.1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

6.4.2. Son deberes do persoal de administración e de servizos:

- a) Respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento. (*Compromiso de confidencialidade*).

6.5. Condición de autoridade pública do profesorado.

O artigo 11 da Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar reconece a condición de autoridade pública do profesorado nos seguintes termos:

1. No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

2. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

3. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección ou xefatura do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta fose menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

7. NORMAS PARA A CONVIVENCIA.

O respecto cara os membros da comunidade educativa (profesorado, alumnado, persoal de servizo, familias, etc.) é o punto de partida e o elemento esencial que facilita unha relación de convivencia cordial, positiva, igualitaria e democrática, ao tempo que permite a creación dun ambiente de traballo máis agradable nas distintas estancias que integran o centro escolar, dende as aulas ata o patio de recreo, actividades realizadas fora do centro (saídas, excursións), actividades extraescolares.

7.1. Regras xerais:

1. Valórase o respecto e a consideración por todas as persoas que nos rodean, incluídas as distintas actividades, saídas e visitas que organiza o colexio.
2. Serase respectuoso en todo momento con todos os membros da comunidade educativa (compañeiros, profesores, persoal de servizo, familias) e non se terá con eles ningunha falta de consideración ou respecto coa nosa actitude, palabra, xesto ou a través de calquera canle de comunicación tecnolóxica.
3. Coidaranse as regras básicas da cortesía propias das relacións sociais (saúdos, uso dun ton e dunha linguaxe respectuosos, sen berros ou exabruptos).
4. É tradición propia do Centro que o trato do alumno ao profesor sexa de cortesía. Coidarase a linguaxe corporal e a expresión oral e escrita, evitando palabras ou expresións malsoantes e insultos.
5. Escoitarase con atención a opinión dos demais, evitando calquera burla ou comentario descortés.
6. Respetaranse as salas de uso colexial e coidaranse os materiais que estean á nosa disposición.
7. Deixaranse as salas que empreguemos para calquera uso e en calquera circunstancia ben ordenadas e limpas.
8. Está totalmente prohibido **fumar** en todo o recinto escolar nos termos establecidos no **artigo 7 da Lei 42/2010, do 30 de decembro**, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

7.2. Asistencia e puntualidade no colexio.

O dereito e a obriga de cursa-la educación primaria e educación secundaria obrigatoria significa que todo o alumnado entre 6 e 16 anos debe estar escolarizado e, igualmente, asistir de xeito regular a clase (*Lei orgánica 8/1985 do 3 de xullo reguladora do dereito á educación; Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio; Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia; Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia*).

Polo tanto, a teor do expresado na normativa anterior, establécense os seguintes criterios:

1. Acudirase ás clases e aos actos organizados con puntualidade. A asistencia é obrigatoria.

2. Os alumnos e alumnas externos deben estar no centro tódos os días ás 8:25h ata o remate da xornada escolar (ver anexo I). A xornada remata ás 17:30h exceptuando os días de academias que remata ás 19:00h. O venres a saída está programada para as 15:15h.
3. Os alumnos residentes teñen a obriga de asistir a todas as actividades organizadas polo centro dentro do horario establecido (ver anexo II).
4. Se un alumno ou alumna se retrasa **sen xustificación**, deixaráselle pasar e notificarase de xeito inmediato ó titor. De ser reincidente notificaráselle á familia coa maior prontitude. É obriga de todos a puntualidade, seguindo o horario do centro.
5. Os titores legais xustificaran as ausencias ou atrasos do seus fillos cun correo electrónico ó correspondente titor/a. *Este será reenviado a portería e secretaría para a súa xustificación.*

7.3. Comedor

O comedor é un lugar da casa onde estaremos todos xuntos polo que é moi importante e sexamos áxiles para poder comer con tranquilidade e acabar o antes posible. Ademais é unha oportunidade marabillosa para aprender a colaborar coas tarefas propias da comunidade. Para elo é necesario seguir as seguintes directrices.

1. Hai que chegar puntualmente ás horas das comidas. A entrada é ás 13:40h exceptuando os venres que será ás 14:30h.
2. A entrada no comedor levarase a cabo con orde e en silencio.
3. Unha vez instalados esperarase en silencio a bendición da mesa, antes de sentarse.
4. Os responsables de mesa serán os encargados de proveer do que sexa necesario ou informar aos formadores de calquera incidencia.
5. Nas mesas haberá un ambiente de calma, coidarase a limpeza e falarase con discreción. O menú, que será san e equilibrado, basearase no principio saudable dunha dieta variada, no que “hai que comer de todo”.
6. Hai que comprobar a quenda de servizo que lle corresponde a cadaquén e axudar aos encargados procurando manter a mesa limpa e recollida.
7. No caso de necesidade dalgún réxime especial por prescripción médica debe comunicárselle previamente ao Director da residencia.
8. Sairase do comedor cando todo estea recollido e limpo.

7.4. Recreo.

O recreo é un tempo importante para a convivencia e para desfrutar xuntos dun momento de ocio. Os alumnos distribuiranse en dúas zonas diferenciadas. O espazo da comunidade dos pequenos (1º e 2º da ESO) e o espazo da comunidade dos maiores (3º e 4º da Eso, e 1º e 2º de Bach). En ambos espazos hai unha sala de xogos e pistas polideportivas para xogar ao aire libre así como espazos cubertos por si o tempo non acompaña.

En cada espazo haberá dous profesores vixiando a os que se pode acudir de necesitar calquera cousa.

(ver distribución dos horarios e tempos de recreo nos anexos I e II)

1. Pódese baixar á sala de xogos (fogar) ou ao patio exterior. Permitirase aos alumnos tempo para estudo na biblioteca do centro (martes e xoves). Non se permite estar polos corredores nin quedar nas clases.
2. Hai que estar atentos para chegar a clase con tempo suficiente. Recordar que as 12:00h dará comezo a clase.
3. É obrigatorio usar as papeleiras do patio para depositar o lixo e contribuír así á limpeza e conservación da nosa contorna.
4. Durante o recreo usaranse os aseos que están habilitados para tales efectos.
5. Aproveitarase o tempo de recreo para xogar nas pistas e na sala de xogos, para charlar no xardín. É unha oportunidade axeitada para crecer en relacións de amizade e para fortalecer a camaradaría cos compañeiros.
6. Durante os recreos haberá dous profesores encargados da vixilancia do alumnado, un no patio exterior e outro na sala de xogos, que velarán polo cumprimento destas normas.

7.5. Clases.

As clases son o lugar de estudo e de traballo do Seminario polo que é importante manter un clima de silencio para que todos poidamos aproveitar mellor o tempo. Para favorecer este clima debemos:

1. Deberase chegar puntualmente á hora das clases. De non ser o caso deberá estar debidamente xustificada a ausencia (encontro cun formador, orientador ou pai espiritual...).

2. **Antes da primeira clase será o momento de coller nas taquillas todo ó material necesario da xornada. Durante o resto da xornada non se poderá sair da aula.**
3. Esperarase ao profesor en orde na aula, ao inicio da xornada (mañá e tarde), nos cambios de hora e despois do recreo.
4. Dentro da aula utilizaranse pezas de roupa adecuadas ao traballo que se vai realizar, evitando, a ser posible, as de abrigo. Non se poderán usar capuchas, sombreiros, viseiras nin gorras. A vestimenta deberá estar debidamente colocada non podendo estar visibles prendas interiores.
5. Deberase manter limpo e en bo estado o material da aula (mesas, cadeiras, contras, paredes, portas, etc.). O delegado de clase será o responsable de avisar ao tutor ante calquer desperfecto visible da aula.
6. Cada alumno/a será responsable dos escritos, pintadas, graffitis ou raiados que aparezan nas súas mesas e cadeiras. Débese respectar e coidar o material que hai nas clases (libros, dicionarios, proxector, ordenador etc).
7. As clases son lugares de traballo nos que non se pode comer, incluídos os intercambios.
8. Os desprazamento a outras aulas (caso dos desdobres, por exemplo) faranse de xeito áxil, en silencio e respectando aos que están nas demais clases. Nos desdobres os/as alumnos/as deben agardar polo profesor/a para que os acompañe á aula correspondente.
9. Cando sexa necesario saír da aula de forma excepcional, deberase pedir sempre permiso ao profesor/a. Este valorará a situación e as circunstancias.
10. Durante as clases non se poderá deixar a aula para ir por decisión propia a outro lugar do colexio (para facer fotocopias, buscar ou entregar material, falar cun profesor/a ou titor/a, por exemplo) e só se poderá facer con permiso explícito ou seguindo a indicación concreta dun profesor.
11. Os corredores non son lugares de xogo polos que andar á carreira. Coidaranse paredes e mobiliario (taquillas) e manteranse limpas e en orde e respectarase os traballos feitos polos compañeiros expostos nos taboleiros.
12. Coidarase o aseo persoal (ducha diaria, roupa limpa, etc.) de maneira especial despois das actividades deportivas.
13. As clases deben quedar recollidas ao final da xornada lectiva, pupitres limpos e gardar o material nas taquillas. Os residentes gardarano na súa habitación.
14. Prohíbese **o uso de teléfonos móbiles** e outros dispositivos electrónicos en todo o recinto escolar como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. [Orde](#)

[de 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos.](#)

Excepcionalmente, o centro poderá establecer normas para a correcta utilización como ferramenta pedagóxica (artigo 19.4 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar). Todos os móbiles deben estar desconectados e dentro da mochila ou abrigo. Se é necesario facer ou atender unha chamada, pediráselle ao profesor/a correspondente; este, considerado o caso, decidirá sobre o asunto. **O colexio non se fai responsable de perdas, danos, deterioracións ou subtraccións de calquera tipo de material tecnolóxico.**

Se un/ha alumno/a utiliza o móbil de xeito inadecuado e sen permiso do profesor/a, este retirarallo indicándolle que primeiro o apague. Entregaráselle ao profesor/a que o depositará na secretaría ou portería e avisará do incidente ó correspondente titor/a. Este informará á familia e pactará con ela a devolución do mesmo. O centro ten a obriga de devolverlo ao alumno/a ao finalizar as horas lectivas da mañá ou da tarde segundo corresponda. Anotarase a incidencia no diario de aprendizaxe do alumno. Se o/a alumno/a é reincidente, con máis de dous apercibimentos, considerarase como falta grave e aplicaranse as medidas correctoras previstas para o caso.

7.6. Capela.

Para o noso crecemento espiritual e persoal necesitamos momentos e espazos significativos. A capela é un deles, por iso debemos propiciar un ambiente que favoreza o encontro con Deus.

Na capela, por ser lugar de grande importancia na casa, debe primar un ambiente de silencio e respecto que favoreza o recollemento, a meditación e a reflexión. Manterase en todo momento unha compostura seria e formal e un clima de oración.

Todas as normas antes descritas da aula aplicaránse tamén as capelas.

7.7. Habitacións da residencia para seminaristas.

1. É un lugar para estudar e descansar, polo tanto, será un lugar de silencio.
2. As habitacións son a zona persoal dos alumnos residentes. Hai que respectar a súa intimidade.
3. As habitacións son individuais, polo que non se debe permanecer noutra habitación que non sexa a propia máis tempo do necesario.
4. Cada un responderá dos danos que se encontren na súa habitación. Ante calquera desperfecto avisarase ao formador ou director da residencia.
5. Non se pode clavar nin pegar obxectos nas paredes, portas ou mesas nin colocar roupa ou calzado na ventá.
6. Nos estudos, a porta estará entreaberta e non se poderá saír da habitación.
7. Non se poderá entrar nas habitacións dos compañeiros sen previa autorización dun formador.
8. Non se poderá cerrar con chave mentras se permaneza dentro da habitación.
9. Deberán estar perfectamente ordenadas: armario, mesa de estudo, estante, lavabo, cama,... Comprobarase con frecuencia o cumprimento destas normas.
10. Para ir á ducha todos deberán levar albornoz, toalla e chancletas.
11. Pola noite o descanso é necesario, polo que se procurará apagar a luz o máis axiña posible.
12. Pódese utilizar o teléfono no horario marcado para iso.

7.8. Ausencias escolares.

As familias teñen o deber de avisar das ausencias escolares a través dun correo ao titor/a correspondente, deste xeito quedarán xustificadas. De non ser posible existe un documento de ausencias que deberán asinar e entregar en portería (Documento descargable en web). Isto é sumamente importante para ter un control sobre os/as alumnos/as dos que o centro é responsable.

1. Para poder ausentarse do centro en horario escolar, logo da comunicación ao titor/a, os pais, tutores legais ou persoa autorizada deben recoller ao alumno/a dentro do centro, presentándose na portería na hora acordada.
2. Os responsables dos alumnos/as ausentes do centro son os seus pais ou tutores legais.

3. Se un/ha alumno/a se ausenta só/a ou con outra persoa distinta ao seu pai, nai ou titor legal, estes deben presentar unha autorización ao responsable do centro. (Documento autorización) ou a través dun correo electrónico ao titor/a.
4. As xustificación de ausencias fóra do horario escolar (academias) faráse a través dun correo electrónico ó correspondente formador.

7.9. Deterioro do material.

Os/as alumnos/as quedan obrigados a reparar os danos que causen, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións, ós materiais do centro e ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación.

Así mesmo, estarán obrigados a restituír, se é o caso, o substraído. Os pais ou representantes legais asumirán a responsabilidade civil que lles corresponda nos termos previstos na lei (**Código civil, art. 1902; artigo 35 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar**).

7.10. Indumentaria para acudir ao centro escolar (actividades lectivas e extraescolares).

1. Os/as alumnos/as do Seminario levarán a peza corporativa (suadoiro, camiseta) e pantalón vaqueiro para asistir ás clases e ás saídas e actividades planificadas fóra do centro. Dentro deses parámetros, as familias poderán determinar a maneira de vestirse e o aseo persoal do estudante sempre e cando se cumpran as normas básicas do decoro, non podendo amosar ou insinuar baixo ningún concepto roupa interior.
2. Nas festividade do centro (Inmaculada, graduacións...) vestirse adecuadamente e de xeito formal.
3. Na clase de educación física debe utilizarse a roupa corporativa (chandal deportivo) destinada para a práctica deportiva e baixo ningún concepto se poderá asistir con piercings, pendentes, cadeas ou abalorios que poidan atentar contra a integridade física dos alumnos.
4. Non se poderá usar en todo o colexio roupa que sexa ofensiva, obscena, ou presente un risco para a saúde e a seguridade dos/as alumnos/as. Prohíbense imaxes, alusións ou textos -en calquera lingua- que supoñan insultos, discriminación ou falta de

respecto cara as persoas e que contraveñan as mensaxes educativas que se están transmitindo desde o colexio.

5. Ante situacións de incumprimento desta normativa de vestiario avisarase ó responsable do profesorado do Plan de Convivencia (Xefe de estudos) para que tome as medidas necesarias para corrixir a situación desde a reeducación.

7.11. Convivencias.

A educación integral que propón o Seminario Menor supón ter momentos de acompañamento humano e espiritual fóra do horario lectivo. Ademais dos momentos da tarde tamén adicaremos tempo para tal fin **un fin de semana ao trimestre**. Por iso debemos ter en conta que:

1. Debemos asistir ás convivencias e á misa das familias co uniforme escolar (peza corporativa).
2. Se por algún motivo grave ou extraordinario tivésemos que ausentarnos, a nosa familia debe solicitalo por escrito coa debida antelación para ser autorizado polo Reitor.

7.11. Clases online ou a distancia.

Non procede.

8. A identidade dixital no centro. Normativa TIC.

8.1. A conta de correo.

Cada un dos/as alumnos/as desta comunidade educativa dispón dunha conta de correo corporativa (nomedeusuario.apellido1.apellido2@seminariomenorourense.com) que facilita e favorece as comunicacións internas e o traballo colaborativo a través da aula virtual classroom. As familias tamén disporán dunha conta de correo corporativa para comunicacións internas e solicitude de titorias coa seguinte nomenclatura:

Nai: (f1.nomedoalumno.apellido1.apellido2@seminariomenorourense.com)

Pai: (f2.nomedoalumno.apellido1.apellido2@seminariomenorourense.com).

Ante calquera imprevisto coa conta ou coa contrasinal que se dará en sobre pechado ao principio de curso na reunión cos/as titores/as deben chamar a secretaría do centro para que lles restablezan a contrasinal.

A obriga das familias e manter activa as canles de comunicación co centro xa que esta será a única maneira de manterse ao tanto das novidades e incidencias que poidan ocorrer con respecto aos seus fillos/as.

No Seminario Menor de Ourense apóstase por unha comunicación aberta entre todos, baseada nun uso responsable da conta de correo, para o que deben terse presentes as seguintes recomendacións:

- Debe utilizarse a conta de correo exclusivamente para temas educativos e relacionados coa actividade escolar.
- Convén proxectar unha imaxe persoal responsable e saudable nos contornos colaborativos de traballo.
- É necesario comunicar ao titor os casos de actividade irregular nos contornos colaborativos de traballo, para permitir atallar e corrixir condutas contrarias aos intereses de todos e todas.

8.2. Usa de forma responsable o teu Chromebook.

Cada alumno e alumna recibirá ao inicio de curso un chromebook do que se fará responsable do seu uso e mantemento.

O dispositivo persoal é a nosa responsabilidade, polo que debemos tomar as seguintes precaucións:

- O mantemento e coidado do chromebook e cuidado é a nosa responsabilidade. O equipo informático debe ser entregado ao centro ao acabar o curso escolar nas mesmas condicións nas que lle foi entregado.
- Preferentemente debemos traerlo cargado de casa. Nas aulas haberá espazos habilitados para a carga pero iso implicaría non ter o tempo suficiente para a utilización nas diferentes clases.

- Non debemos prestarlo nin perderlo de vista. O seu deterioro implicaría a non devolución da fianza de 100 euros que se cobrará a inicio de curso ou cada vez que se repoña un ordenador e que se devolverá unha vez remate o mesmo e se comprobe que o equipo está en perfecto estado.
- Cando non o esteamos usando debemos gardalo nos lugares recomendados. (taquillas).
- Aproveitemos o noso dispositivo exclusivamente para uso académico. Só o utilizaremos en lugares e horarios establecidos para iso.
- Non ocultaremos a pantalla ao profesor e atenderemos ás súas demandas se así o solicita.
- Os nosos profesores/as e formadores poderán controlar o uso adecuado dos nosos dispositivos tanto en horario lectivo como fóra do mesmo dado que os dispositivos son propiedade do centro.

8.3. Utilización de fotos e vídeos no centro.

Parte da nosa actividade dixital hoxe en día está vinculada ao uso de fotos e vídeos gravados desde un dispositivo persoal. Independentemente dos aspectos legais dos que todos deben ser coñecedores, especialmente no que se refire á lei de protección de datos, o centro aconsella tomar as seguintes precaucións e seguir estes consellos:

- Cando o traballo o requira, cada persoa debe proxectar de si e do seu traballo unha imaxe acorde aos principios da institución.
- No caso de recibir ou coñecer algunha foto ou vídeo que non respecte o ideario do centro hai que evitar difundilo e debe comunicárselle ao titor/a coa maior brevidade.
- Prohíbese terminantemente a realización e difusión de fotos desde un dispositivo a calqueira membro da comunidade educativa sen o consentemento expreso para iso. Este acto pode ser constitutivo dun delito contra a integridade da persoa.

8.4. Uso de outros dispositivos electrónicos (móviles, táblets, auriculares, reloxs intelixentes...)

No Seminario Menor considérase que a utilización destes dispositivos electrónicos é totalmente prescindible polo que debemos ter en conta:

Sobre o teléfono móbil ou táblets:

- Prohíbese **o uso de teléfonos móbiles** e outros dispositivos electrónicos en todo o recinto escolar como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. [Orde de 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos.](#)
- En secretaría haberá un lugar seguro para poder depositalo ao inicio da xornada lectiva. Este dispositivo poderá recollese unha vez terminada a xornada.
- Se non desexamos deixalo en secretaría debemos saber que deberá permanecer obrigatoriamente apagado. Este dispositivo de ningunha maneira poderá perxudicar ou interferir o bo funcionamento na aula.
- Queda terminantemente prohibido o uso de dispositivos móbiles nos espazos de lecer e recreo e tamén nos baños. Estes espazos son zonas conflitivas de difícil acceso polo que a vixilancia será constante.
- **O centro baixo ningún concepto se fará responsable en caso de extravío ou furto dos diferentes dispositivos.**
- So poderán utilizarse co permiso expreso do/a profesor/a ou formador.

Sobre auriculares e reloxs intelixentes:

- Os auriculares son prescindibles pero poderán utilizarse sempre baixo o permiso e a supervisión do profesor/a responsable da aula nese momentos a actividade así o require. O alumno/a debe pedir permiso sempre que o vaia utilizar e recollelo unha vez que o profesor así o diga..
- Quedan terminantemente prohibido reloxs intelixentes e auriculares nos exames.

8.5. escoitar música e visionado de vídeos.

Escoitar música e ver vídeos utilizando a rede wifi do centro pode afectar a boa conectividade dos demais membros da comunidade educativa. Por ese motivo debemos ter en conta as seguintes recomendacións:

- Non está permitido escoitar música na aula. Para escoitar música debemos ter sempre a autorización expresa do profesor/a.
- Os dispositivos electrónicos dos que se faga mal uso poden ser requisados polo profesor nos mesmos termos que o teléfono móbil.
- O uso de airpods, cascos inalámbricos ou auriculares só está permitido cando o profesor/a considere que se necesita para as actividades académicas.
- Non temos permitido o visionado de vídeos que non estean relacionados coa actividade académica.

8.6. Outros aspectos a ter en conta.

8.6.1. Retirada, recollida e substitución de equipos informáticos.

- O uso indebido do ordenador e dos diferentes dispositivos tecnolóxicos sancionárase seguindo as faltas e sancións xerais do Plan de Convivencia do centro.
- O centro resérvase o dereito de retirar o ordenador ou dispositivo electrónico do que se faga mal uso e nos casos nos que se considere oportuno.
- O único dispositivo que poderá utilizarse é o asignado polo centro.
- Asignárase unha fianza a cada alumno que será cobrada a principio de curso e que ascende á cantidade de 100 euros correspondente a entrega dun dispositivo electrónico chromebook. Esta fianza será devolta unha vez que o/a alumno/a abandone o centro e non necesite utilizar máis o dispositivo, sempre e cando se comprobe que o dispositivo está nas mesmas condicións nas que lle foi entregado.
- Se o chromebook falla, o centro garantizará a restitución inmediata por outro que funcione. Para iso o alumno afectado deberá falar co tutor/a que enviará ao alumno/a a secretaría ou portería a restituilo.
- Se o dispositivo se rompe ou se deteriora por culpa do alumno/a será o responsable de avisar ao correspondente titor para que nas mesmas condición que no punto anterior

se substitua por un novo. Dende secretaría informarase á familia do cobro dunha nova fianza por rotura do dispositivo.

8.6.2. Plataforma de control e visionado de chromebooks.

O centro para garantir o uso responsable dos dispositivo electrónicos por parte do alumnado conta cunha plataforma chamada **IMPERO** que controla as páxinas ás que accede cada dispositivo así como un visionado en tempo real dos mesmos. Dende xefatura faranse barridos periódicos e dende as propias clases cada profesor/a poderá facer uso da plataforma para controlar os diferentes dispositivos.

Se se detecta un uso irresponsable do mesmo o docente encargado do control poderá retirar o dispositivo. Este avisará ao correspondente titor e entregará o dispositivo á xefatura de estudos. O titor avisará á familia do incidente e rexistrarse a correspondente falta segundo o plan de convivencia.

Se existe reiteración nas accións por parte do alumnado o claustro pode decidir a retirada temporal ou total do dispositivo debéndose garantir por parte do profesorado o acceso á información por outra canle.

9. CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA E SANCIONES.

9. Establecemneto das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán.

9.1. Principios xerais:

1. Os centros docentes porán especial énfase na prevención das condutas contrarias á convivencia mediante o desenvolvemento das actuacións e medidas incluídas no seu plan de convivencia e no seu protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

2. Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reuni-los seguintes requisitos:

a) Ter carácter educativo e recuperador.

b) Garanti-lo respecto dos dereitos de todo o alumnado e procura-la mellora da convivencia no centro docente.

c) Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixida/ou asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con tódolos membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.

d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.

3. O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.

4. Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.

5. Garantiráselle ó alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoal e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o

interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións. Esta protección garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.

6. O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.

7. Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.

8. Non se poderán impor correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

9. Para o caso de alumnado menor de idade non emancipado, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que os afecten, nos termos previstos neste decreto e nas normas de organización e funcionamento do centro educativo en que estean escolarizados.

9.2. Clases de condutas contrarias á convivencia:

1-As conductas contrarias á convivencia nos centros escolares clasifícanse en:

a- Condutas leves contrarias á convivencia.

b- Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

2. No noso centro temos claro que existe permisividade cero fronte o acoso escolar entre membros da nosa comunidade, para elo, non dudamos en iniciar o correspondente protocolo de acoso escolar ante o mínimo indicio ou denuncia que teña lugar no noso centro.

Segundo o establecido no **artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño**, considérase **acoso escolar** calquera forma de vexación ou maltrato continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso

escolar terá a consideración de conducta gravemente prexudicial para a convivencia, de acordo co establecido **no artigo 38** deste decreto.

3. Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberá poñelo en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas. O modelo e o procedemento para trasladar esa información e coordinar as actuacións pertinentes facilitaranse de acordo co establecido no **artigo 28.2** deste decreto.

9.3. Condutas leves contrarias á convivencia.

As condutas leves contrarias á convivencia veñen recollidas **no decreto DOGA 27 de xaneiro de 2015 de Convivencia escolar**. Este documento tómase como base para xerar as concrecións propias para cada centro, por iso, no Seminario Menor de Ourense considéranse condutas leves contrarias á convivencia as seguintes:

- L1.** Estar nun lugar comunitario distinto ao que lle corresponde. Estar no interior do centro (corredores, aulas ou baños) cando se debe estar no patio en tempo de recreo.
- L2.** Falta de interese e aproveitamento académico. (Falta de material ou negativa a utilizalo, durmir na aula, estar xogando co ordenador...)
- L3.** Impuntualidade inxustificada.
- L4.** Non asistir ao centro coa indumentaria adecuada (uniforme escolar ou deportivo).
- L5.** Comentarios ou palabras obscenas tales como insultos a compañeiros ou berros inxustificados na aula, corredores, patios... As agresións verbais entre alumnos considéranse faltas leves se hai unha petición de desculpa creíble e non hai reincidencia.
- L6.** Neglixencia leve no uso do material (dispositivo electrónico ou demais material da aula).

9.3.1. Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia.

As faltas leves serán sancionadas de xeito inmediato polo formador ou calquera profesor testigo da situación e quedará rexistrada no diario de aprendizaxe do alumno (drive).

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- c) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro e que axuden a corrixir o comportamento ou a actitude mostrada..
- d) A reiteración de faltas leves poderá ocasionar a non renovación de matrícula no seguinte curso.
- e) A acumulación de faltas leves (3) nun mesmo trimestre suporá a consideración dunha falta grave coa súa correspondente sanción.

9.4. Condutas gravemente perxudiciais para a convivencia.

No Seminario Menor a consideración de condutas perxudiciais para a convivencia divídense en **condutas graves e condutas moi graves**.

9.4.1. Condutas graves contrarias a convivencia.

Considéranse condutas graves as seguintes:

- G1.** Blasfemar ou atentar contra o ideario do centro.
- G2.** Perturbación constante da orde na aula ou en calquer espazo do centro.
- G3.** Atentar contra o mobiliario ou instalacións do centro.
- G4.** Intentar enganar ao profesor copiando traballos, guías ou en exames de xeito deliberado.
- G5.** Uso inadecuado de dispositivos electrónicos (móbiles, ordenadores ou auriculares).

9.4.2. Medidas correctoras das condutas graves contrarias á convivencia.

As faltas graves derán sancionadas de xeito inmediato polo formador ou profesor dtestido da acción e quedará rexistrada no diario de aprendizaxe do alumno (drive).

- a). Comparecencia ante o xefe de estudos ou formador na súa ausencia que determinará a gravidade do suceso. Comunicaráselle ao titor para que informe á familia.
- b) Expulsión da aula por parte do profesor. Isto suporá que o delegado de clase buscará ao profesor de garda e acompañará ao alumno infractor a aula de convivencia na que continuará co seu traballo.
- c) Realizar actividades para reparar o dano causado ou asignación de actividades complementarias no propio centro como lectura, limpeza de zonas comuns... Estas accións estarán consensuadas e consentidas polos tutores legais do alumno para a súa aplicación.
- d) Se houberse danos materiais os alumnos, ou no caso de ser menores de idade os proxenitores, quedan obrigados a reparar os danos que causen de xeito intencionado nas instalacións, nos materiais do centro ou nas pertenzas doutro membro da comunidade educativa, facendose cargo da reparación ou do custo económico.
- e) Ante a mala utilización de dispositivos electrónicos o profesor poderá requisar o dispositivo depositándoo no lugar destinado para tal fin (secretaría do centro) debéndoselle devolver ao alumno ao final da xornada escolar se este é maior de idade ou a os proxenitores se é menor de idade que darán o consentimento para recollelo eles ou o propio alumno.
- f) A reiteración de faltas graves (3) nun mesmo trimestre terán a consideración de falta moi grave coa súa correspondente sanción.

9.4.3. Condutas moi graves contrarias a convivencia:

Considéranse condutas moi graves as seguintes:

MG1. As agresións físicas ou psíquicas, os insultos, as blasfemias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os membros da comunidade educativa. As agresións verbais consideraranse graves se non se produce unha desculpa sincera ou se hai reincidencia. As agresións físicas consideraranse graves cando se produzan lesións ou sucedan circunstancias de abuso de forza ou idade, premeditación ou reincidencia ou non se produce unha petición de perdón sincera. Quedan incluídos neste termo os actos de discriminación grave por raza, sexo, orientación sexual, discapacidade, posición económica ou calquera condición ou circunstancia persoal e social.

MG2. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e ós materiais do centro, incluídos equipos informáticos e software, ou ben ós bens doutros

membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como á súa subtracción (apropiación indebida de material axeno).

MG3. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa (drogas, armas, pornografía...). En todo caso constará como indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do **artigo 11 de la Lei 4/2011**, cando sexa requirido polo profesorado. A posesión ou consumo de substancias ilegais considérase falta moi grave.

MG4. A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou infraccións que atenten contra o dereito ao honor, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

MG5. Abandoar o centro sen autorización familiar ou do representante legal e sen xustificación.

MG6. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesor e ao persoal de servizos que constitúan unha indisciplina grave: respostas fóra de tono en privado ou en público, unha negativa clara de atender unha petición de un profesor un xesto de menosprezo claro e público en clase. O incumprimento dunha sanción considérase dentro destes termos.

MG7. Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar. Inclúese neste termo as faltas de respecto, compromiso e rechazo á normativa e ideario do centro.

MG8. As actuacións constitutivas de acoso escolar de acordo co establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.

MG9. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

9.4.4. Medidas correctoras das condutas moi graves contrarias á convivencia.

As faltas moi graves serán sancionadas de xeito inmediato polo formador, profesor ou titor testemuña do acto. Quedará reflexada por escrito no diario de aprendizaxe do alumno e o

Director ou Rector comunicarállo á familia que deberá personarse na maior brevidade no centro educativo.

Logo de deliberar sobre a gravidade da mesma, poderá supor:

a) A expulsión do centro educativo por un tempo máximo establecido de tres días. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno terá que realiza-los deberes ou traballos que se determinen para evita-la interrupción no proceso formativo.

b) Expulsión da residencia por un tempo definido pola dirección do centro podendo ser definitiva.

c)Asignación de actividades de reinserción, reflexión e reeducación sobre o acto en sí.

d) Restituir, no caso dun furto, do material sustraído. Ademáis os titores legais asumirán a responsabilidade civil que lles corresponda nos termos previstos pola Ley.

9.5. Incoación de protocolos e procedementos correctores de condutas contrarias á convivencia::

a)A reiteración de faltas moi graves suporá a non renovación de matrícula para o curso seguinte e a posibilidade de incoar, cando así se considere, un expediente disciplinario (procedemento corrector)..

b) A reiteración da MG1 pode supor, se así se considera oportuno, a apertura do devandito protocolo de acoso escolar.

c)A reiteración de faltas inxustificadas pode supor, a incoación do protocolo de absentismo escolar para os alumnos matriculados na ESO ou ben a perda da avaliación continua no caso dos alumno de bacharelato.

9.6. Consideracións sobre a proposta de CAMBIO DE CENTRO:

1. A medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional e só será posible incoando o devandito expediente disciplinario coa proposta firme por parte da dirección do centro..

2. Esta medida correctora non se poderá propoñer ó alumnado que curse o ensino obrigatorio cando na localidade onde se sitúa o seu centro ou na súa localidade de residencia non exista outro centro docente que imparta as ensinanzas que curse.

4. Cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña á persoa responsable da dirección do centro a imposición a unha alumna ou a un alumno da medida correctora de cambio de centro, a dirección deberá comprobar que se cumpren os requisitos establecidos nos puntos precedentes deste artigo e, despois da comprobación de tales circunstancias, comunicarlle inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, achegándolle o expediente do devandito procedemento.

9.7. Gradación das medidas correctoras.

Para a gradación das medidas correctoras previstas tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.

b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.

c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.

d) A natureza dos prexuízos causados.

e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

f) A reiteración das condutas perxudiciais para a convivencia no centro.

Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/ou nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o que consignará por escrito no

correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

9.8 Sancións aplicables en caso de expulsión da aula nunha sesión de clase:

Ningún alumno poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. A expulsión da aula será unha medida a eviarse e terá carácter excepcional. De non ser posible, o alumno deberá asistir acompañado polo profesor de garda a aula de convivencia para reconducir a súa conduta. Esta falta terá consideración de grave (G2) e hai que reflexala no diario do alumno. O profesor fará un parte (anexo IV) que entregará ao titor sendo este quen avise á familia da incidencia.

*Serán excepción, neste punto, aqueles alumnos para os que, debido ao seu diagnóstico de TDAH, é recomendable como medida para reconducir-lo seu estado anímico a saída momentánea da aula, **baixo a supervisión do profesor de garda.***

9.8. Ámbito de aplicación da corrección.

1. Deben corrírse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolvan dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor.
2. Así mesmo, poderanse corrír-las condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten outros membros da comunidade educativa.

9.9. Aspectos formais do procedemento corrector ante as condutas gravemente perxudiciais para a convivencia no centro.

1. No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia regulada no artigo 38 deste decreto deberanse formalizar por escrito, logo de tramitación dos procedementos de corrección regulados no capítulo IV deste título.
2. O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, excepto proba en contrario, acreditación suficiente destes e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de conformidade co establecido no **artigo 11.2 da Lei 4/2011**, de convivencia e participación da comunidade educativa. Disporase de exemplares deste documento na sala de profesores.
3. A incoación do procedemento notificaráselle á nai ou ó pai, á titora ou ó titor legal da alumna ou do alumno, ou a este, se for maior de idade, con indicación da conducta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente instrutora. Así mesmo, comunicaráselle á Inspección Educativa.
4. As citacións ás alumnas ou ós alumnos ou, se eles fosen menores de idade non emancipadas/os, tamén as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/os, realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia, que faga fe, de se realizar e da súa data.
5. A non comparecencia sen causa xustificada das alumnas ou dos alumnos ou, se é o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/os, ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.
6. As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores legais do alumnado menor de idade nos procedementos regulados no capítulo IV deste título son obrigatorias para elas e para eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada seralles comunicada ás autoridades competentes, para efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes correspondentes á patria potestade ou á tutela.
7. A resolución do procedemento notificaráselle á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou á propia alumna ou alumno, se fose maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase igualmente á Inspección Educativa.

10. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O
FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE
CONVIVENCIA: COMPOSICIÓN, PERIODICIDADE
DAS REUNIÓNS E PLAN DE ACTUACIÓN.

10.1. Comisión de Convivencia:

O réxime de funcionamento, a composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia está en conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Carácter:

A comisión de convivencia terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar, ten asignadas o consello escolar. A comisión de convivencia será a encargada de traballar esta sensibilización e da súa divulgación a todos os sectores da comunidade educativa.

Composición:

A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polos representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e, no caso dos centros concertados, tamén por unha persoa representante da titularidade do centro, todas elas na mesma proporción na que se atopan representadas no consello escolar do centro ou órgano equivalente. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos correspóndelle ó director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

Consonte o antedito, **a comisión de convivencia estará integrada polos seguintes membros:**

- O seu presidente será a persoa titular da dirección do centro: D. Segundo Fernández Movilla
- Representantes do alumnado:
- Representantes do profesorado: Dona Yolanda Gómez Gómez.
- Representantes das familias:
- Representantes do persoal de administración e servizos:

10.2. Funcións e actuacións da comisión de convivencia:

- Elaborar o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do seu desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión, función que será asumida polo equipo directivo cando non estea constituída, que será aprobado polo consello escolar do centro, tal como se recolle no **artigo 10 da Lei 4/2011**.
- Velar pola correcta aplicación do disposto na normativa existente en materia de convivencia e no plan e normas de convivencia.
- Dinamizar tódolos sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas no procedemento de elaboración, desenvolvemento, seguimento e revisión do plan de convivencia do centro.
- Adopta-las medidas preventivas necesarias para garanti-los dereitos de tódolos membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica dos conflitos.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos que foran impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar:

- Asesoramento dos profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro.
- Colaboración:
 - Do profesorado titor relacionado co tema que se analice.
 - Do educador ou educadora social do concello onde se atope o centro docente.
 - Doutros profesionais segundo a problemática da que se trate.
 - Das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da

10.3. Plan anual de xuntanzas.

- Reunións ordinarias: tres reunións anuais de carácter común, unha por trimestre.
- Reunións extraordinarias: tantas veces sexa convocada por:
 - A súa presidencia por iniciativa propia.
 - Por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

11. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O Plan de Convivencia cobrará sentido cando todos os sectores implicados no centro o interioricen e o fagan seu. Para que o Plan de Convivencia se converta nun verdadeiro instrumento para a mellora da convivencia debe ser coñecido, valorado e avaliado por tódolos membros da comunidade educativa.

A difusión do plan de convivencia seguirá os seguintes termos:

Ao profesorado, a través das distintas estruturas de goberno e coordinación docente que hai establecidas, é dicir:

- Claustro de profesores e reunión de inicio de curso.
- Reunións de profesores e titores co departamento de Orientación.

As familias, a través das distintas estruturas de participación establecidas no centro:

- Reunións coas familias ao inicio de curso.
- O plan de convivencia será entregado a cada familia de xeito individual unha vez que esta formalice a matrícula.
- Entrevistas cos titores/ou profesores.

Ao alumnado, a través de:

- O seu titor nas entrevistas de tutoría.
- A Comisión de convivencia.
- Asembleas de aula.
- A través de seus pais e nais.

A nivel de Centro farase:

- Un documento de síntese que se difunda entre todos os sectores.
- Expoñer nas aulas as normas consensuadas de funcionamento na aula e zonas comúns.
- Dentro das medidas de difusión, é fundamental a primeira reunión de titores e pais e nais do alumnado.
- Publicar o plan na páxina web do Centro.

12. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E

MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

12.1 Seguimento.

A comisión de convivencia velará polo cumprimento deste plan e fará un seguimento da súa aplicación. Recollerá os datos, a valoración e a opinión de todos os membros da comunidade

educativa, de xeito que poida formular aqueles axustes e propostas de cambios que contribúan a mellorar a aplicación e a efectividade deste plan.

12.2. Avaliación e mellora.

De xeito periódico farase una avaliación do plan de convivencia na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos marcados, as medidas adoptadas e aplicadas e a efectividade das mesmas. Cada trimestre a comisión de convivencia elaborará un informe, que se incorporará á memoria final de curso, no que consten estes datos e as medidas, modificacións e cambios que parezan oportunos.

¹ Neste documento poderanse empregar as palabras “alumno(s)”, “profesor(es)”, “pais”, “titores” e outras de uso semellante co valor gramatical neutro, de termo morfoloxicamente non marcado, que ten o xénero masculino en galego. Queda a salvo a consideración e o respecto pola igualdade de alumnos e alumnas, profesores e profesoras, pais e nais, titores e titoras, pupilos e pupilas, etc., en toda situación e circunstancia.

13. ANEXOS

ANEXO I

HORARIOS EXTERNOS

LUNS, MARTES E XOVES.

Chegada ao centro	08:25h
Oración	08:30h - 08:50h
1ª sesión de clase	08.50h - 09:40h
2ª sesión de clase	09:40h -10:30h
3ª sesión de clase	10:30h -11:20h
Recreo	11:20h - 12.00h
4ª sesión de clase	12:00h -12:50h
5ª sesión de clase	12:50h -13:40h
Comida	13:40h - 14:30h
Recreo	14:30h - 15:20h
6ª sesión de clase	15:20h -16:10h
7ª sesión de clase	16:10h -17:00h
Oración	17:00h - 17:30
Academias	17:45h - 18:45h
Aseo	18:45h - 19:00h
Saida	19:00h

Os alumnos teñen a posibilidade, previo aviso, de quedarse a estudar no centro ata ás 20:00h.

HORARIOS EXTERNOS

MÉRCORES.

Chegada ao centro	08:25h
Oración	08:30h - 08:50h

1ª sesión de clase	08.50h - 09:40h
2ª sesión de clase	09:40h -10:30h
3ª sesión de clase	10:30h -11:20h
Recreo	11:20h - 12.00h
4ª sesión de clase	12:00h -12:50h
5ª sesión de clase	12:50h -13:40h
Comida	13:40h - 14:30h
Recreo	14:30h - 15:20h
Formacion humano-espiritual e traballo persoal	15:20h -17:00h
Oración	17:00h - 17:30
Academias	17:45h - 18:45h
Aseo personal	18:45h - 19:00h
Saida	19:00h

Os alumnos teñen a posibilidade, previo aviso, de quedarse a estudar no centro ata ás 20:00h.

HORARIOS EXTERNOS

VENRES.

Chegada ao centro	08:25h
Oración	08:30h - 08:50h
1ª sesión de clase	08.50h - 09:40h
2ª sesión de clase	09:40h -10:30h
3ª sesión de clase	10:30h -11:20h
Recreo	11:20h - 12.00h
4ª sesión de clase	12:00h -12:50h
5ª sesión de clase	12:50h -13:40h
6ª sesión de clase	13:40h -14:30h
Comida	14:30h- 15:15h
Saída	15:15h

ANEXO II

HORARIO RESIDENTES

O horario de residentes segue a mesma dinámica que o dos externos ata as 19:00h. A partires desa hora os residentes terán o seguinte horario exceptuando os venres que sairán ás 15:15h:

Estudio persoal	19:00h - 20:30h
Cea	20:30h -21:00h
Recreo	21:00h - 22:00h
Oración	22.00h - 22:15h
Descanso	22h15h

Entrada dos residentes na residencia:

A entrada no Seminario Menor poderá facerse o domingo anterior ó inicio de clases entre as 20:30h e as 21:00h ou ben os luns ás 08:25h. durante todo o curso escolar.

Se houbese calqueira incidencia, o centro é responsable de avisar ás familias coa debida antelación.

ANEXO III

INFOGRAFÍAS INFORMATIVAS PARA OS ALUMNOS



ANEXO IV

Documento constatación dos feitos que deriva na expulsión de clase.

(Artigo 37.2 do Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia.)

Data:
Hora:
Nome do alumno/a:
Curso académico:
Nome do profesor/a:

Breve descripción da acción u omisión que da lugar ao procedemento.

--

Norma que se considera infrinxida.

--

En Ourense, de.....de 202...

Sinatura da persoa que elabora o documento:

D./Dna.....